

PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

51 ASSEMBLEA XERAL DE ADEGA

CELULOSA DE ALTRI E MINA DE TOURO FÓRA PARA SEMPRE

A Asemblea de ADEGA esixe da Xunta de Galiza que conclúa os procesos administrativos abertos relativos ao proxecto de Altri, denegando a autorización ambiental integrada (AAI) e rexeitando autorizar a concesión de augas solicitada pola pasteira. Instamos tamén á sociedade galega a permanecer alerta e manter a presión fronte a un eventual peche en falso do proxecto, así como a seguir demandando o rexeitamento definitivo do proxecto mineiro de Touro, aínda pendente de resolución. A cidadanía, mesmo a través dos tribunais, deixou en claro á Xunta que quere un río Ulla e unha ría de Arousa vivas.

AS CONSECUENCIAS DUN GOBERNO PIRÓFILO

Fronte á vaga de lumes máis catastrófica da historia de Galiza, na que arderon máis de 209.000 hectáreas, 38.000 delas en espazos protexidos, A Asemblea de ADEGA denuncia que debido á inoperancia da actual Xunta e ás súas políticas ambientais, florestais e para o medio rural, o noso país segue inerte fronte aos incendios. É precisamente a inacción, o desleixo e o vergoñento entreguismo de Rueda ao *lobby* pasteiro-enerxético o que máis que agrava os efectos dos incendios. Esiximos unha urxente e profunda mudanza de modelo, comezando cunha moratoria indefinida ao eucalipto e un nova política forestal que aposte pola multifuncionalidade do monte e protexa as súas funcións ecosistémicas e sociais. O contrario, condenará á cidadanía galega a sufrir as cada vez máis graves consecuencias dos incendios.

ZONAS VULNERÁBEIS A NITRATOS E CONTAMINACIÓN

Ante o incumprimento reiterado por parte da Xunta de Galiza da normativa europea e estatal que obriga a reducir a contaminación por nitratos e outras substancias que contribúen á eutrofización das augas, así como a identificar aquelas zonas máis vulnerábeis por dita contaminación, ADEGA esixe que se declaren sen máis demora as zonas vulnerábeis e os cadanseus programas de acción para previr e reducir a contaminación causada pola gandería industrial. Tamén reclamamos unha moratoria inmediata para autorizacións de novas explotacións gandeiras naquelas comarcas, como A Limia ou o Deza, que teñan superado a carga gandeira, así como daquelas que non acrediten dispor de terra dabondo para xestionar adecuadamente os xurros. Apelamos a un modelo que fomente a prevención, a redución, reutilización e a reciclaxe dos residuos na mesma explotación, garantindo o seu uso sustentábel, e pola planificación previa e con participación social das condicións nas que instalar plantas de biogás como fonte de enerxía renovábel. A Asemblea de ADEGA recoñece así mesmo o fito histórico que supón o fallo do TSXG que condena á Xunta e á CHMS por “non pór remedio” á contaminación por nitratos, toxinas e cianobacterias do encoro das Conchas, na Limia, e que pon de manifesto que o prexuízo do actual modelo de gandería industrial sobre o medio ambiente e o dereitos fundamentais das persoas.

POLA PAZ E CONTRA O IMPERIALISMO E A MILITARIZACIÓN DOS POBOS

ADEGA rexeita profundamente a escalada bélica que estamos a sufrir por mor do imperialismo estadounidense e o Estado xenocida de Israel, así como a pasividade coa que a UE está a reaccionar, permitindo que se vulnere o dereito internacional. Esiximos que se faga cumprir este dereito, que se poña fin ás guerras e que se abandonen os plans de rearme e militarización da Unión Europea e do Estado español, que non fan máis que alimentar a guerra e o imperialismo. A guerra e o armamentismo minan o diálogo e a paz, xeran un impacto ambiental irreversible, fomentan a minaría extractiva de recursos para uso militar e reforzan o papel da Galiza como colonia. Reclamamos á Xunta e ao Estado español que rachen relacións con EEUU e con todos os estados xenocidas.

ÁNXELES VÁZQUEZ, DIMISIÓN!

A conselleira de Medio Ambiente é a responsábel de retirar ilegalmente e sen motivación ningunha a protección do territorio pretendido por Altri na Estratexia de Infraestrutura Verde de Galiza. Tivo que ser o TSXG quen, tras a denuncia de ADEGA, anulara esta manobra, obrigando á Xunta a recuperar a protección dese espazo, e anulando de facto a DIA favorábel emitida pola súa consellaría. Foi tamén o TSXG o que desestimou a solicitude da Xunta de retirar a medida cautelar que suspendera, por denuncia das ecoloxistas, as batidas de lobos autorizadas por Medio Ambiente. De novo, o Tribunal indicou que a consellaría de Ánxeles Vázquez non achegou ningún dato científico ou informe para apoiar a súa petición, que a baseou unicamente en recortes de prensa. Estes recentes pronunciamentos xudiciais evidencian o desprezo da conselleira pola lexislación ambiental e os procedementos administrativos legalmente previstos para a toma de decisións, e unha preocupante falla de criterio que abeira o acientifismo. Tal proceder, que se traduce tamén na continua modificación á baixa das normas de protección ambiental, é o que realmente está creando inseguridade xurídica con consecuencias negativas tanto para a protección ambiental como para un desenvolvemento económico respectuoso coa sustentabilidade. Son estes comportamentos trumpistas, desautorizados repetidamente por sentenzas xudiciais, os que moven á Asemblea de ADEGA a esixir a dimisión da conselleira de Medio Ambiente Ánxeles Vázquez.